

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA "LE CER EN FAMILIA 2024"

Exp. núm.: 2024028041

A presente Memoria emítese en referencia e complemento ao establecido no informe-proposta do servizo solicitante, de data 15/05/2024 (CSV: 8U9KYOHBUEHFX5C79)

1. Servizo solicitante:

Benestar Social

2. Necesidade e idoneidade do contrato:

Ámbito competencial:

Dende o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida, participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Necesidade concreta que se pretende satisfacer coa contratación.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.



Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

A Convención sobre os dereitos do neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 44/25, do 20 de novembro de 1989, reivindica tamén a necesidade de protexer e ofrecer a asistencia necesaria á familia para que esta poida asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade, en tanto en canto considérase á mesma como o grupo fundamental da sociedade e medio natural para o crecemento e benestar de todos os seus membros, en especial dos máis vulnerables como os nenos e nenas.

É sobre estas premisas e sobre o mandato dos artigos 16.3 da Declaración universal dos dereitos humanos, 39 da Constitución española e 33 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, que garanten a protección social, económica e xurídica da familia, sobre os se asenta a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este novo programa que recolle o espírito e os obxectivos de dita Lei, e promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Neste senso a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca a primeira edición dun programa para familias empadroadas na provincia de Pontevedra, entendendo a familia como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais, e crear tempo de lecer de calidade, no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

Ausencia de medios:

A execución do programa require de dotación de persoal especializado (animación sociocultural), planificación das saídas, etc., carecendo esta institución de medios humanos para acometela, non dispoñendo de perfís profesionais adecuados.

É dicir, as características dos traballos para levar a cabo o obxecto do contrato que require dos medios materiais e humanos, descritos no Prego de Prescricións Técnicas (PPT), xustifica necesidade de contratación dunha empresa externa especializada no sector para a xestión e desenvolvemento do mesmo.

3. Obxecto do contrato:

Réxime xurídico:	Lei 9/17, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. <input checked="" type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO <input type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO ESPECIAL <input type="checkbox"/> PRIVADO
-------------------------	--



Tipo:	<input type="checkbox"/> OBRA <input checked="" type="checkbox"/> SERVICIO <input type="checkbox"/> SUBMINISTRACIÓN <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE OBRAS <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE SERVICIOS <input type="checkbox"/> MIXTO A natureza do obxecto do contrato encádrase no tipo previsto no artigo 312 da LCSP, regulador dos contratos de servizos que conlevan prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico ao que fai referencia o artigo 312 da LCSP, determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa LECER EN FAMILIA, aprobadas mediante acordo de Xunta de Goberno, de data 03/05/2024, constituíndo estas o réxime xurídico regulador das prestacións en favor dos administrados.	
Regulación harmonizada:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
Obxecto e contido:	Xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en Familia 2024". O programa Lecer en Familia 2024, caracterízase por ofrecer unha estadia de fin de semana, nun establecemento hoteleiro (balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares) da provincia de Pontevedra, con aloxamento dunha noite (venres ou sábado) en réxime de media pensión. A estadia incluírá a utilización do spa, balneario, talaso un mínimo de dúas horas ao día e actividades con animación sociocultural infantil. A entrada nos establecementos será o venres pola tarde con saída o sábado ao mediodía, ou entrada o sábado pola tarde e a saída o domingo ao mediodía. As persoas beneficiarias poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga, se ben a asignación de prazas estará suxeita á dispoñibilidade destes. Así mesmo, no formulario de solicitude deberán sinalar un máximo de tres datas de preferencia para realizar a estancia que non serán vinculantes e estarán suxeitas á dispoñibilidade nos establecementos.	
CPV:	63500000-4 Servizos de axencias de viaxes, operadores turísticos e asistencia ao turista. 9200000-1 Servizos de esparcemento, culturais e deportivos.	
Lotes:	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes:



		-
	<input checked="" type="checkbox"/> NON	<p><u>Xustificación:</u></p> <p>A xefa do servizo informa que debe de licitarse nun único lote, dado que a propia natureza do contrato implica a necesidade de coordinar a execución das prestacións que conforman o mesmo, a cal se podería ver imposibilitada pola súa división en lotes a executar por unha pluralidade de contratistas diferentes.</p> <p>Tal circunstancia considérase como motivo válido, dos recollidos no artigo 99.3 LCSP, para a non división en lotes.</p>
Admisión de variantes:	<input checked="" type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego.	<input type="checkbox"/> NON

4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN PRAZO DE DURACIÓN

Prazo de duración: dende a data de formalización do contrato ata o primeiro trimestre de 2025.

Prazo de execución: estímase a execución do programa entre o cuarto trimestre do ano 2024 e primeiro trimestre do 2025.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, adxudicadas as prazas, a previsión estimada de inicio do programa será no mes de setembro de 2024, sendo o ámbito temporal do programa os meses de temporada baixa.

Prórroga/s: SI NON Número: 1 Duración: 1 ano

**No caso da aprobarse a prórroga prevista, prevese a execución do programa entre o cuarto trimestre de 2025 e o primeiro trimestre de 2026.*

5. Orzamento base de licitación:

(límite máximo de gasto, incluído IVE):

Prezo unitario por praza: 127,57€

Prezo total 2.350 prazas: 299.789,50€



O orzamento base de licitación que financia a Deputación de Pontevedra ascende á cantidade de 178.878,50 euros, desagregándose como segue:

Nº de prazas	Achega Deputación (por praza)	Total financiación
2.300 (réxime xeral)	75 euros	172.500,00 €
50 (réxime especial)	100%	6.378,50 €
		178.878,50 €

6. Valor estimado:

(importe total, sen IVE, estimado como pagadoiro)

1. Orzamento base de licitación:	299.789,50€
2. Modificacións:	
a) Modificacións á alza previstas (20%):	59.957,90€
Orzamento base de licitación + modificación	359.747,40€
3. Unha prórroga de 1 ano	359.747,40€
TOTAL VALOR ESTIMADO:	719.494,80€

7. Prezo:

a. Sistema de determinación:

PREZOS UNITARIOS PREZO A TANTO ALZADO PREZOS PROVISIONAIS

b. Revisión:

SI NON

c. Pago:

TOTAL PARCIAL MEDIANTE ABONOS A CONTA NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS



O pago do prezo do contrato realizarase unha vez presentada a factura, a través do rexistro da Deputación provincial de Pontevedra, necesariamente nos primeiros 15 días do mes seguinte á realización da actividade, salvo autorización expresa do servizo de Benestar Social, acompañada da documentación indicada no prego administrativo.

Presentada dita documentación correctamente, serán aboadas as facturas previo informe favorable ou conformidade do responsable da unidade administrativa receptora ou supervisora do traballo ou, no seu caso, do responsable designado polo órgano de contratación, de conformidade coa normativa vixente.

8. Procedemento:

- a. **Tramitación:** ANTICIPADA ORDINARIA URXENTE* DE EMERXENCIA

* Nota importante: De conformidade co establecido no artigo 119 LCSP, no caso de tramitación urxente, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, coas salvidades sinaladas en dito artigo. O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

b. **Xustificación da urxencia ou emerxencia:**

- NON PROCEDE.

c. **Órgano competente:**

- PRESIDENTE*

*Competencia delegada na deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación (Resolución Presidencial núm. 2024002173, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205, de 15 de marzo de 2024).

XUNTA DE GOBERNO (Base núm.16.2 das Bases de Execución do Orzamento 2024, de delegación das competencias da Presidencia).

- PLENO.

d. **Procedemento de adxudicación:**

- ABERTO LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN
 ABERTO SIMPLIFICADO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE
 DIÁLOGO COMPETITIVO



- ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Art. 159.6 LCSP) ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN
- RESTRINXIDO

e. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o seguinte:

- Procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Suposto do artigo 167 LCSP.
- Concorrencia das condicións do artigo 159.1 LCSP. Suposto do artigo 168 LCSP.
- Concorrencia das condicións do artigo 159.6 LCSP. Suposto do artigo 177 LCSP.

Xustificación: Maior axilidade. Solicitado polo Servizo Xestor.

9. Criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira.

Os medios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderanse realizar mediante a achega dos documentos que a Lei establece entre os previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

Criterio de solvencia económico-financiera:

1. Volume anual de negocios:

Determinación: De conformidade co disposto no artigo 87.4 desta lei, a solvencia económica e financeira requirida deberá resultar proporcional ao obxecto contractual. Neste senso, para evitar supor un obstáculo á participación das pequenas e medianas empresas na contratación, resulta suficiente acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas por un importe igual ou superior a unha vez e media o importe correspondente a unha anualidade de contrato (359.747,40€X1,5=539.621,10€).

A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resumo de declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, ese porcentaxe deberá reflectirse por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba de estar inscrito. As e os



empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

2. Acreditación da solvencia económica por unha entidade bancaria:

Determinación: Declaración dunha entidade financeira, consistente nun informe no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato, sinala que é solvente economicamente para afrontalo.

Criterio de solvencia técnica ou profesional:

- Relación das obras executadas no curso dos derradeiros cinco anos (art.88.1 a) LCSP)
- Relación das principais subministracións realizadas no curso dos derradeiros tres anos (art.89.1 a) LCSP)
- Relación dos principais servizos ou traballos realizados no curso dos derradeiros tres anos (art.90.1 a) LCSP)

Determinación: Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os últimos tres anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou destinatario, público ou privada, e precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo do prego administrativo).

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, á falta deste certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, xunto cos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % dunha anualidade do contrato ($359.747,40€ \times 0,70 = 251.823,18€$), considerándose este importe suficiente para acreditar a solvencia sen supoñer un menoscabo ao principio de libre competencia.

Documentación acreditativa da efectiva disposición de medios persoais e materiais suficientes necesarios que a empresa se comprometeu a adscribir á axeitada execución do contrato. O equipo humano mínimo proposto para a execución total do contrato está especificado na cláusula 7 d) do PCAP.

***Criterio de solvencia técnica ou profesional para as empresas de nova creación** (antigüidade inferior a cinco anos):

SI

Motivo:



	<input type="checkbox"/> Contrato de obras de valor estimado inferior a 500.000,00 euros. <input type="checkbox"/> Contrato de servizo/subministración non suxeito a regulación harmonizada.
	<u>Determinación:</u> <input type="checkbox"/> Declaración indicando maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, ao que se xuntará a documentación acreditativa pertinente cando sexa requirida polos servizos dependentes do órgano de contratación.
<input checked="" type="checkbox"/> NON	

Coa solvencia seleccionada preténdese asegurar a capacidade da empresa contratista para facer fronte ás obrigacións que poda contraer, e garantir que dispón dos medios materiais, persoal, cualificación, coñecementos, fiabilidade e experiencia axeitados para acometer, con garantías de éxito, a execución do contrato.

Esta necesidade de solvencia indicárase no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallárase nos pregos, de xeito que os criterios estean perfectamente determinados conforme aos referenciados na propia Lei, e relacionados co importe e obxecto do contrato.

10. Criterios de adxudicación do contrato:

a. Pluralidade de criterios:

SI: Mellor relación calidade-prezo - SI: Mellor relación custe-eficacia NON

Co obxecto de promover a axilidade e obxectividade nos procedementos, optárase, como regra xeral, por incluír criterios avaliábeis mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, xa sexan criterios cualitativos ou económicos.

Propóñense criterios de xuízo de valor e etiquetas polo servizo xestor no documento anexo á proposta de contratación, ao considerar que achegan maior calidade aos traballos e estar vinculados co obxecto do contrato.

b. Xustificación:

NON PROCEDE.

c. Fórmula:

Establécese nos pregos.



NON PROCEDE.

d. Xustificación da fórmula:

A elección da fórmula ven motivada por considerar que garante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa tal e como se establece no artigo 1 LCSP. Esta fórmula incentiva ás empresas licitadoras a propor a mellor baixa posible para tentar que dita baixa sexa superior á baixa media de todas as presentadas (bm), establecendo para iso dous tramos (un para as baixas que son inferiores ou iguais á baixa media, e outro para as baixas superiores a dita baixa media) nos cales as elasticidades das puntuacións presentan diferentes comportamentos de forma gradual, obtendo unha maior puntuación e de forma progresiva aquelas baixas que son superiores á baixa media.

Valores anormais

Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios non se consideran transcendentales para estes efectos.

NON PROCEDE.

e. Melloras: SI, estableceranse no prego. NON

11. Condicións especiais de execución:

Por mandato do artigo 70 da Directiva 2014/24, o art. 202 LCSP concede aos órganos de contratación a posibilidade de establecer, nos pregos, condicións de execución dos contratos de tipo social, ambiental e de innovación, establecendo a obriga de que en todos os pregos se inclúa polo menos unha.

Por este motivo, nas cláusulas particulares do prego estableceranse varias condicións especiais, que pretenden, entre outras cousas, preservar a linguaxe inclusiva, asegurar o pagamento ás empresas subcontratistas ou que as condicións de traballo se rexan polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente.

12. Outras indicacións:

a. Redacción dos pregos:

Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adxudicatario.



b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexer o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, segundo corresponda, que en todo caso deberá respectar os seguintes prazos mínimos:

- PROCEDEMENTO ABERTO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, concesión de obras e concesión de servizos: 26 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ABERTO SARA: En obras, subministracións e servizos, 35 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Dito prazo **poderá reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea**, de conformidade co artigo 156.3.c) LCSP, dado que a presentación de ofertas se realiza por medios electrónicos.

En concesión de obras e concesión de servizos: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6 LCSP): 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado, 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN NON SARA: 20 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE: Neste procedemento non se realizará anuncio de licitación previa. Os prazos mínimos para a presentación de ofertas serán de 10 días naturais, a contar desde o envío da invitación.

d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adxudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.
- Outros: VORTAL

O que se informa aos efectos oportunos.

(Documento asinado electronicamente).

